

A FILOSOFIA DE LUIS LOSADA QUIROGA

1. A súa orixe galega

Luís Losada Quiroga naceu na Hermida, lugar que pertence ó Axuntamento de Quiroga, no Sur da provincia de Lugo, pero dentro da diocese de Astorga. Esta diocese en latín coñécese co nome de "Asturica", nome que parece lembrarnos Asturias e sobre todo tendo en conta que o xentilicio "asturicus" significa indistintamente tanto asturiano coma natural de Astorga. Xustamente foi isto o que orixinou unha pequena polémica sobre a patria nativa de Losada. Así foron o P. Raúl de Scoraille e a mesma enciclopedia Espasa os que o sinalaron como natural de "Quiroga de Asturias", cando non se atopa tal lugar en todo o Principado.

Iste pequeno erro levou á necesidade de comprobar con detención a orixe de Losada. E así, mirando os libros de Admisións da Compañía de Xesús de Salamanca, onde el estivo a maior parte da súa vida, temos que coa data do 26 de abril de 1698 sinala que alí foi recibido Luís Losada, que contaba entón só 16 anos, fillo lexítimo de D. Roque de Armesto e Losada e de D^a. Xacinta de Prado, "naturais e veciños coma el do lugar da Hermida, encomenda de Quiroga".

Non debían ser necesarios moitos testemuños contra un erro que nin sequera ten visos de probabilidade; pero a fin de clarifica-lo problema e aínda que só sexa a modo de cita, cabe sinala-los máis destacados. Así témo-lo da carta de Fidel Fita ó P. Cabrera, dada en Madrid con data do 7-9-1910, onde sinala a causa do erro; o de Faustino Arévalo que fala disto na obra "Symbola litteraria"; o de Xacinto Yebra, compañeiro de Losada en Salamanca e galego como el (1); o de P. Pascasio Seguí Fernández (2); o do P. Uriarte, grande especialista da bibliografía xesuística, e o do P. Astrain (3). Todos eles deixan probada abondo a galeguedade de Losada.

(1) Xacinto Yebra é o autor dunha obra sobre Losada titulada: *Breve noticia de las prendas y virtudes del P. Luis Losada*, Salamanca, 1748.

(2) Seguí Fernández naceu en Rairiz da Veiga (Ourense) no ano 1711 e publicou cando ía camiño da misión de Filipinas unha obra: *Galicia, reino de Cristo sacramentado*, México, 1750.

(3) Astrain publicou: *Historia de la Compañía de Jesús en la Asistencia de España*, Madrid, 1913. No tomo VII, cap. 7, pág. 133 refírese a Losada.

¿Cando naceu? Sábese que foi no ano 1681 e probablemente o día vinte de febreiro. Pero isto último non é tan claro.

Seus pais mandárono a estudar á Universidade de Salamanca. Aínda levaba alí pouco tempo cando decide entrar na Compañía de Xesús. Consta coa data do 26 de abril do 1698 a súa entrada no noviciado que tiña a Compañía en Vilagarcía de Campos. Fará logo Filosofía en Santiago e volverá a Salamanca a estudar Teoloxía. Permaneceu o resto da súa vida no Colexio dos Xesuítas en Salamanca onde foi un destacado profesor e agudo e polémico escritor de Teoloxía, Escritura e sobre todo de Filosofía.

Di del Xacinto Yebra que era un home universal, coñecedor profundo tanto da filosofía peripatética coma da moderna, de teoloxía, poeta, crítico, humanista. Coñecía hebreo, grego e linguas modernas (4).

O Conde de Peñaflores fai o seguinte xuício sobre Losada: “Un dos maiores inxenios que produciu a nosa España... profundo teólogo, crítico delicadísimo, excelente poeta e, para remate, home erudito a todas luces e un daqueles entendementos que, de tarde en tarde, se deixaron ver no mundo” (5).

2. O ambiente filosófico español do século XVIII

Neste século atopamos predominantemente unha filosofía de tradición aristotélicotomista con fortes raigames na Península. Se ben tamén é certo que no medio deste ambiente van xurdir algúns destellos individuais illados, pero non por iso menos fortes e influíntes, de pensamento moderno conectado cos grandes pensadores da Europa de entón. Tal é o caso, por exemplo, de Bieito Xerome Feixóo.

Respecto ó tipo de filosofía vixente agora na Península sinala M^a Carme Rovira que tanto españois coma portugueses non se abriron á filosofía moderna europea ceais por un certo temor relixioso; filosofía que, con todo, era publicamente ensinada por relixiosos xesuítas e dominicos ó longo da Europa.

Di tamén que en Portugal vaise desenvolver un eclecticismo bastante innovador sobre todo no eido da filosofía, onde destacarán pensadores coma Monteiro, Almeida, Verney e outros que van facer unha filosofía de tipo experimental e matemática, onde o método, a lóxica, vai te-lo papel predominante e vai xogar unha importante baza en contra da escolástica vixente (6).

En España, en concreto, este século é bastante anodino filosoficamente falando, e máis aínda se facemos lembranza dos dous séculos precedentes en que desta-

(4) Xacinto Yebra, *op. cit.*, páxs. 8-9.

(5) Rivadeneira, *Biblioteca de Autores españoles*, t. C, pág. 378.

(6) M^a Carme Rovira, *Eclécticos portugueses del s. XVIII y algunas de sus influencias en América*, Ed. F.C.E., México, 1968, páxs. 11 ss.

caron filósofos e teólogos de renome mundial tales coma Báñez, Vitoria, Suárez, Molina, Caramuel, Cardoso (do século XVI) ou Xan de Lugo, Diego Ruíz de Montoya, Martínez Ripalda (do XVII). Pero no XVIII a escolástica non ten ningunha obra nin creación orixinal. Como sinala Menéndez y Pelayo agora “a escolástica estaba completamente esgotada e nin unha soa idea útil para o noso estudio poderíamos entresacar dos numerosos cursos de teoloxía e filosofía que se publicaron en España durante os primeiros cincuenta anos do XVIII” (7). Os escritos desta época son meramente repetitivos e reiterativos das liñas doctrinais dos grandes mestres, no mellor dos casos.

Neste contexto hai que situar a Losada que, se ben é certo que non é ningún creador de pensamento, ningún innovador ou introductor de correntes filosóficas innovadoras; é, con todo, un escolástico agudo con certos riscos de orixinalidade que fan del un profesor e escritor que se aparta da xeneralidade pechada entón na vella filosofía e con medo a abri-los ollos cara ás novidades de pensamento. Como di Marcial Solana del: “é o máis senlleiro a cecais a única excepción dos escolásticos españois do XVIII” (8).

3. O Curso filosófico de Losada

A obra máis coñecida de Losada é o *Curso filosófico* que foi editado por primeira vez en Salamanca no ano 1724, aínda que a autorización do Provincial de Castela data do 7-12-1720, o que indica que xa estaba rematada a obra entón. Posteriormente séguese editando con bastante profusión. A última edición coñecida foi feita en Barcelona dentro da colección “La verdadera ciencia española”, tomo XXV no ano 1883, en dez tomos. En pleno século vinte algúns colexios da Compañía aínda o recomendaban como libro de texto.

A obra abrangue todo o que entón se daba na filosofía escolástica: a Lóxica, a Filosofía da natureza, a Psicoloxía racional (que lle chama Animástica) e a Metafísica.

Sobre o significado desta obra imos cita-lo que di un contemporáneo de Losada, aínda que de mentalidade ben diferente, o P. Feixóo, no Teatro crítico universal: “Tendo rematado este discurso, chegou ás miñas mans o *Curso filosófico* que deu á luz o P. Losada da Compañía de Xesús, obra digna de tal mestre... Así, non o desexo de eloxialo, senón a materia deste discurso, lévame a lembrarme das súas obras; pois téndome queixado do desprecio con que en España se miran as novidades filosóficas dos extranxeiros, debo en xusticia advertir, que o Curso de Losada non se atopa comprendido nesta nota; pois, aínda que impugna vigorosamente tódolos sistemas dos cor-

(7) Menéndez y Pelayo, M.: *Historia de las ideas estéticas en España*, t. III, Santander, 1940, páx. 102.

(8) Marcial Solana, “El P. Losada, filósofo español del siglo decimotavo”, *Revista de Filosofía Española*, I, Madrid, 1942, páx. 345.

pusculistas..., ó mesmo tempo con xenerosa man, abre a porta da aula española ó mérito da experimental filosofía” (9).

4. A estrutura do Curso filosófico

O Curso divídeo en tres grandes tratados nos que fala dos catro grandes temas xa mencionados antes.

Iª Parte: Lóxica

Abrangue os tres primeiros tomos da edición do 1883 e fala de:

1. Da natureza da Lóxica e do seu obxecto.
2. Dos universais en xeral: do problema da identidade e distinción, da condición do universal.
3. Dos universais en partiular: os cinco predicables, do xénero, da especie e dos restantes predicables de Porfirio.
4. Dos predicamentos: a doutrina dos predicamentos con especial atención ó problema da relación.
5. Sobre certas dúbidas acerca do Perihermeneias: especialmente a verdade e falsidade dos enunciados.
6. Sobre os Analíticos de Aristóteles: do siloxismo en xeral e do siloxismo demostrativo.

IIª Parte: Física e filosofía da natureza

Abrangue os tomos catro, quinto e sexto.

1. Comenza o tomo cuarto coa famosa disertación preliminar á Física, para falar logo do corpo natural en xeral.
2. Dos principios intrínsecos dos corpos naturais. O movemento e a teoría da causalidade.
3. Das causas ou principios extrínsecos das cousas naturais: movemento, acción, paixón, lugar, tempo.

IIIª Parte: Animástica e Metafísica

Abrangue desde o 7º tomo ó 10º.

1. Da xeración e corrupción: do mundo, do ceo e dos elementos mixtos.
2. Animástica ou tratado da alma, onde fala do que é a alma, a súa inmortalida-

(9) B.X. Feixóo, *Teatro Crítico Universal*, t. VII, Madrid, 1778, páx. 334.

de, a unión co corpo, das súas potencias. Logo fala dos dous entendementos (axente e posible), da vontade e dos seus actos.

Catro disputas metafísicas:

- Do ente en xeral e os seus atributos: onde toca principalmente o problema da analoxía e dos atributos
- Da posibilidade e existencia do ente creado
- Da sustancia en xeral: qué é a sustancia, qué é o accidente e as súas clases
- Dos opostos ó ente real: a carencia e o ente de razón.

5. A Física e Filosofía da natureza

Losada chámalle Física soamente. Pero non son leccións de física as que nos dá Losada no tratado; senón máis ben unha filosofía da física. Por iso lle engadimos este segundo nome que responde mellor á comprensión actual do que alí nos dá.

Imoslle adicar unhas liñas á física, á que se refire o P. Feixóo nese derradeiro párrafo do Teatro crítico en que di que “abre a porta da aula española ó mérito da experimental filosofía”. Pois é sobre todo neste terreo onde se considera a Losada aberto cara a Europa.

Lendo a disertación preliminar que se atopa ó comenzo do tomo IV da edición do 1883, non parece tan aberto como era de esperar despois de le-las xenerosas verbas de Feixóo. Pois a nova física cartesiana á que lle chama corpuscular, que conectaría cos vellos atomistas como Leucipo, Demócrito, Anaxágoras, Epicuro, Lucrecio, ofrécelle grandes reparos e diríamos que, en certo modo, recíbea de uñas. A nova física e filosofía dos “atomistas corpusculares” de Descartes, de Maignan (do que di que é máis gassendista ca Descartes), do seu discípulo Xan Sagüens, dos valencianos Tomás Vicente Tosca e Gregorio Mayans, ten que resulten moi difícil de dixerir para un escolástico coma el.

Losada fai unha interpretación da nova física e filosofía con esquemas escolásticos. E sinala que o dogma fundamental destes filósofos é que os axentes naturais ou tamén chamados causas segundas non poden producir nada novo, pois nese caso sería unha creación, ou aniquilación, en caso contrario. Isto supón a negación de toda forma sustancial como entidade realmente distinta da materia, de todo accidente como forma accidental entitativamente distinta da sustancia e que o suxeito poida sufrir modificacións debidas a axentes naturais.

Por outra banda, a materia prima non sería senón unha chea de corpúsculos creados por Deus que, segundo Gassendi, Maignan, Sagüens e Tosca son átomos fisicamente indivisibles aínda que divisibles matematicamente. En cambio, para Descartes, son indefinidamente divisibles. Da combinación destes átomos resultarán tódalas cousas.

Estes átomos, segundo Maignan e outros, son sustancialmente diferentes. De ahí os catro elementos vulgares: Lume, Aire, Terra e Auga. Da mistura destes saíran os chamados mixtos, coma as pedras, metais, plantas, animais, nos que todo é froito desa combinación. Algúns engádenlle un quinto elemento sen nome, outros como Sagüens, engádenlle outros trinta, e outros, como Maignan, falan de tantos coma corpos celestes.

En cambio para Descartes e Tosca os átomos son sustancialmente homoxéneos, diferéncianse na figura e no movemento. Polo tanto, comenta Losada, toda a diferenza que hai entre un león e unha aguia consiste na diversa figura que forman os átomos, na súa disposición ou no seu diverso movemento.

O composto sustancial non é senón unha mole de átomos unidos dun determinado xeito.

A xeración é un movemento local polo que os átomos se exercitan e se unen nunha mole sensible que mereza o nome dunha especie.

A alteración é un movemento dos átomos polo que a cambian sensiblemente, pero non tanto, coma para que deixe de se-lo que é.

A corrupción dáse cando o cambio nantes dito é tan forte que a cousa perde a súa identidade.

A materia é toda sustancia e entidade das cousas naturais. A materia prima serían os átomos primitivos que aínda non se atopan unidos. Esta materia prima é unha sustancia simple, inxerada, incorruptible, pura potencia, indiferente a calquera forma.

A forma sustancial é movemento múltiple dos corpúsculos –para Descartes e os seus seguidores–, pois Deus imprimiría o movemento ó comenzo do mundo e, unha vez imprimido, dura eternamente, xa que ningunha parte da materia perde o movemento a non ser transferíndoo a outros corpúsculos. Para Maignan a forma sustancial é unha forza motriz realmente identificada cos átomos e só racionalmente distinta deles. Por último, para outros, sería combinación de átomos, con certa figura, proporción, armonía, etc.

Losada relaciona estes problemas coa teoloxía, en concreto co problema dos accidentes eucarísticos (10). Na páx. 46 do tomo cuarto da ed. de 1883 di literalmente: “Por outros capítulos tamén se pode mostra-la incoherencia da filosofía corpuscular, especialmente cartesiana, cos dogmas da fe”.

Más adiante define así a materia prima: non est quid, é dicir, non é un ente completo; non est quantum: non é cantidade; neque aliquid eorum quibus ens determinatur: non é ningún dos entes que se atopan nos dez predicamentos xa que nin é accidente nin é sustancia.

(10) Losada, *Curso de filosofía*, t. IV, Barcelona, 1883, páxs. 35-9.

¿Que é pois a materia prima? O suxeito de calquera corpo natural. E o primeiro suxeito do que se fai algo ó estar presente primo et per se, e non segundo o accidente.

Nos seguintes libros relativos a estes problemas de física e filosofía da natureza fala Losada do problema do movemento que explica pola teoría da causalidade, da xeración e corrupción, sen que se atope ningunha aportación ou enfoque novo respecto ós temas que non sexa o aristotélico-tomista.

Certamente hai que recoñecer que Losada non é un profesor nin un escritor gregario que só se limita a repeti-las posicións dos mestres escolásticos inclusive do seu compañeiro de orden, Francisco Suárez, a quen adica na primeira edición de 1724 un encendido eloxio e do que se di discípulo e seguidor.

Así temos que rebatirá a distinción formal de Escoto, distinción media entre a real e a de razón.

E como di Rodríguez Cabrero (11) desinte incluso de Suárez na Animástica:

1^o. Suárez nega que a pantasma concorra eficientemente co entendemento axente á formación da especie espiritual. Losada afírmao.

2^o. Suárez nega a existencia do hábito ou costume tanto no sentido interno coma no apetito dos brutos. Losada defende dita existencia.

3^o. Suárez ensina que o hábito ou costume intensifícase absolutamente polos actos máis intensos que os que preceden. Losada impugna tal doutrina”.

Como acabamos de ver na física, ábrese certamente ás correntes europeas. Vemos que coñece os “corpúsculistas” bastante a fondo, pois vai expoñendo o seu sistema ó longo do tratado. Así di Feixóo: “Losada, aínda que impugna vigorosamente tódolos sistemas dos corpúsculistas, ó mesmo tempo, con xenerosa man, abre a porta da aula española ó mérito da experimental filosofía. Non só no prólogo da Física recomenda ós estudiosos que non neguen o asenso a aquelas máximas filosóficas, que os extranxeiros probaron con firmes experimentos, aínda que contrarias a varias opinións recibidas nas nosas escolas; pero tanto no dito prólogo coma ó longo da obra admite e establece moitas de ditas máximas” (12).

Con todo, Losada fai unha especie de trasvase de filosofía moderna a moldes escolásticos de tipo aristotélico-tomistas e suaristas. O resultado será o rechazo da nova filosofía.

Así sinala Piquer que Aristóteles encontra un defensor no P. Losada “varón verdadeiramente docto” recoñece Piquer, pero que rexeita no prólogo da súa Física todos “os novos ou innovadores sistemas” de filosofía como incompatibles coa teoloxía e afirmou que a doutrina peripatética é a única conveniente para o estudio da ciencia sagrada” (13).

(11) Rodríguez Cabrero, “El egregio filósofo e insigne escritor Losada”, *Boletín da Real Academia Galega*, xulio de 1932.

(12) B.X. Feixóo, *Teatro Crítico Universal*, t. VII, Madrid, 1778, páxs. 334 ss.

(13) M^a Carme Rovira, *op. cit.*, páxs. 443-4.

Losada parece non ter superados os vellos esquemas medievais nos que a filosofía e tódolos saberes estaban sometidos e eran criados da teoloxía. De xeito que aínda, ás veces, utiliza nada menos que argumentos referidos ós concilios ou ás Escrituras para rebatir teorías da física ou filosofía, coma cando fala da incompatibilidade da física e filosofía corpuscular coa fe (14). O que a todas luces parece improcedente: as afirmacións dun saber non se deben impugnar acudindo a razóns completamente alleas a dito saber.

Poñerei, para rematar, o testemuño de Sarrailh: “Pero Losada, a pesar da súa intelixencia non é máis ca un metafísico que descoñece as leis do movemento, a hidrostática e a óptica, é dicir, a física verdadeira. El non entende esta linguaxe coma tampouco as cuestións estudiadas por Descartes que son, nembargantes, as únicas interesantes para a sociedade, mentres que as bilocacións... só son boas para admiralas no Flos sanctorum... Compárao con Newton, tan mal teólogo cando se puxo a escribi-lo Apocalipse de S. Xoan, coma físico de inxenio, pola súa banda Losada, é un teólogo admirable, pero un mal físico, pois descoñece as matemáticas. Estraña falta de lóxica ¿Acaso as matemáticas non foron cultivadas e celebradas polos antigos, tan admirados polos detractores da ciencia moderna?” (15).

Bibliografía

- Astrain, A.: *Historia de la Compañía de Jesús en la Asistencia de España*, Madrid, 1913.
- Feijóo, B.J.: *Teatro Crítico universal*, t. VII, Madrid, 1778.
- Fernández Cuevas: *Historia Philosophiae*, Madrid, 1858.
- Fita, F.: *Galería de Jesuitas ilustres*, Madrid, 1880.
- Gaceta de Madrid* del 5-3-1748.
- García Boiza, A.: *Datos para el estudio de la personalidad literaria de Luis de Losada*, Salamanca, 1915.
- Losada Quiroga, L.: *Cursus Philosophiae*, 1ª ed., Salamanca, 1724.
- Menéndez y Pelayo, M.: *Historia de las ideas estéticas en España*, Santander, 1940.
- Rivadeneira: *Biblioteca de autores españoles*, t. C.
- Rovira, M.A.: *Eclécticos portugueses del s. XVIII y algunas de sus influencias en América*, Ed. F.C.E., México, 1958.
- Rodríguez Cabrero: “El egregio filósofo e insigne escritor Luis Losada”, *Boletín da Real Academia galega*, nº 242, Santiago, 1932.
- Ruiz Amado: *Historia de la educación y de la pedagogía*, Barcelona, 1915.

(14) Losada, *op. cit.*, t. IV, páx. 46.

(15) Cita collida de Sarrailh, *La España ilustrada de la segunda mitad del XVIII*, ed. F.C.E., Madrid, 1974, páx. 433.

San José, M.: *Bibliografía crítica*, Madrid, 1740.

Sarrailh, J.: *La España ilustrada de la segunda mitad del XVIII*, Ed. F.C.E., Madrid, 1974.

Seguín Fernández, P.: *Galicia, reino de Cristo sacramentado*, México, 1750.

Solana, M.: "El P. Losada, filósofo español del s. decimooctavo", *Revista de Filosofía*, I, Madrid, 1942, págs. 345 ss.

Sommervogel: *Bibliothèque de la Compagnie de Jesus*, t. V.

Symbola litteraria a Jesuitis hispanis olim Roman missa ad Bibliothecam S.S. augendam et continuandan, post supresam societatem aliqua ex parte ab interitu vindicata (B.N., Mss. 9439).

Tejador, J.: *Historia de la lengua y literatura española*, Madrid, 1915.

Yebra, J.: *Breve noticia de la vida, prendas y virtudes del P. Luis Losada*, Salamanca, 1748.

Manuel Rivas García